



BASES DO I CERTAME DE CREACIÓN DE TARXETAS DE NADAL 2020

OBXECTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa, consciente da difícil situación derivada das restricións que imposibilitan unha normalización das canles habituais de relación entre os/as nenos/as e Papá Noel e os Reis Magos, organiza, a través da Concellería de Xuventude, un certame simbólico “Certame de tarxetas de Nadal” dirixido á participación de nenos e nenas de Vilagarcía de entre tres e nove anos, como modo de canalizar unha serie de vídeo chamadas destes personaxes antes dos eventos do día de Nadal e de Reis.

Coa posta en marcha desta iniciativa, ademais, tratamos de fomentar a creatividade, a imaxinación así coma o uso de materiais de refugallo como recurso educativo para os/as nenos/as, tamén dinamizar a participación das familias no proxecto de Nadal do concello e promover os valores de solidariedade, igualdade, amizade etc, propios desta época.

PARTICIPANTES

Poderán participar todos os nenos/as empadroados/as en Vilagarcía con idades comprendidas entre os 3 e os 9 anos de idade.

TEMA

Neste certame simbólico, recomendamos a utilización de elementos propios das festas de Nadal e da cidade de Vilagarcía así mesmo, recomendamos que se trate de traballos orixinais, que incorporen valores propios do tempo de Nadal: solidariedade, participación, igualdade, amizade, familia, protección da natureza, ecoloxía etc.,.

FORMATO

O debuxo, imaxe ou composición elaborada que portará a tarxeta poderá ir

acompañada dunha frase (que non supere os 50 caracteres) alusiva ao Nadal. A técnica será libre e poderá empregarse calquera estilo e material pictórico e creativo.

PRESENTACIÓN

Cada participante deberá presentar unha única tarxeta. A data **límite de recepción será o 15 de decembro**. Deberase enviar a foto da tarxeta xunto coa solicitude de inscrición ao certame (instancia xenérica indicando o nome do certame e cos datos do/a menor participante), en formato telemático ao seguinte enderezo do concello: omix@vilagarcia.gal e achegando os datos de identificación do pai/nai titor/ra responsable do/a menor e o nome e idade do/a participante menor. A fotografía non debe exceder de 5Mb de peso.

PREMIO

Os/as participantes recibirán unha vídeo chamada de Papá Noel ou dos Reis Magos. Mediante unha clave subministrada polo Concello de Vilagarcía, accederán á plataforma contratada polo concello para esta finalidade, indicando a súa elección para a vídeo chamada: Papá Noel ou os Reis Magos. Posteriormente recibirán unha mensaxe co día e hora aproximada da vídeo chamada.

Vilagarcía de Arousa, 24 de novembro de 2020

Alba Briones Gamarra

Concelleira de Xuventude e Voluntariado

